

Deputación da Coruña reforza os seus programas sociais ante a pandemia



Páxina 6

A Deputación pon en valor o roteiro de Vilachá de Salvadur



Páxina 9

Emma González nova xerente do Inorde



Páxina 10

Jácome quere conseguir unha mini-cidade administrativa



Páxina 14

A igrexa de Santo Estevo de Ribas de Miño en obras



Páxina 15



Comezan o día de San José as rutas en catamarán polos ríos Sil e Miño

Páxina 16



Inés Rey e Núñez Feijóo formalizan a construción do novo CHUAC

Páxina 5



Miscelánea

Por José Paz Rodrigues (Professor aposentado da Universidade de Vigo, Presidente da ASPGP e Académico da AGLP)

O Cine Clube “Padre Feijóo” de Ourense cumpre os seus 50 anos de vida (IV)

Ao longo dos 50 anos de vida do Cine Clube “Padre Feijóo” de Ourense, ademais das sesións semanais, dos ciclos dedicados a directores, nacionalidades, temas especiais e gêneros cinematográficos, realizou também atividades de colaboração com diferentes entidades ourensanas, e vários cursos de formação cinematográfica e de monitores. Nesta quarta parte da série que estamos dedicando ao “Padre Feijóo”, resenhamos as atividades citadas.

- Colaboração com outras entidades: Para organizar ciclos e semanas cinematográficas temáticas e monográficas, o “Padre Feijóo” colaborou com numerosas entidades ourensanas que lhe solicitavam a sua cooperação. Entre elas temos: Alianza Francesa, Ateneo, Auriense, Colégio Médico, Colégio de Arquitectos, Clube de Marketing, Delegación de Cultura, Orfeón, Albor, Liceu Recreio, Sociedade Filarmónica, Centro Social de Marinhmansa, ASPGP, Inspeção Técnica de Educación, Instituto de A Ponte, Centro de Inglés, Auxilia, Associação “Os Barrocás”, Deputación, Concelho, Grupo “Adepende” para a campaña “Tráta-se de salvar o Teatro Principal”, AMPA do CEIP “Curros Enríquez” para as sesións de cinema infantil, a maioria das asociacións vizinhas da cidade, e mesmo entidades de tipo político como as Juventudes da UCD, o PCG e o Frente Cultural da ANPG.

- Cursinhos e outras actividades: Ademais das sesións cineclubistas semanais, com filmes de directores destacados do mundo, o cine clube organizou numerosos ciclos cinematográficos dedicados a grandes directores, cinemas nacionais, gêneros cinematográficos, documentários, cinema de animação, cinema de humor, etc. Organizou também vários cursinhos de formação cinematográfica e de monitores de cineclubes, entre os que destaca o realizado em 1975 com a colaboración do Ateneo

ourensano, e patrocinado pela delegação provincial de Información e Turismo, impartido pelos críticos cinematográficos da revista Dirigido Por da Catalunya, Josep Enric Monterde e Esteve Riambau. E o cursinho de formação cinematográfica, realizado nos meses de março a abril de 1979, tendo como professores do mesmo a Eloi Lozano, Manolo González (“Manolinho da Rua”), Manuel Janeiro, Júlio Pérez Perucha, Román Gubern e Jesús González Requena. Também um curso de cinema de animação, para aprender a fazer filmes de desenhos animados, dirigido pelo especialista português da cidade de Porto Abi Feijó, que se celebrou na Escola Normal durante o ano 1989 e patrocinou a Federación Galega de Cine Clubes, que presidia Ana Mª Fernández. O próprio Eloi Lozano, com a ajuda económica da Deputación Provincial, dirigiu em 1979 um cursinho de cinema para crianças.



No mês de março de 1994, o cine clube chegou a celebrar a sessão número 1.500 da sua história. Para isto, os directivos naquela altura, entre os que estavam Segis Bobilho como presidente e José Paz como secretário, decidiram dedicar uma sessão tão significativa ao filme E a luz se fez (Y la luz se hizo), realizado em 1989 pelo director de nacionalidade francesa Otar Iosseliani, que não fora estreado em Espanha, pelo que houve que trazer de Portugal, como importada, a cópia que ali sim estava em distribuição. Igual que como em junho de 1980 se teve que fazer com o filme de Paolo e Vittorio Taviani San Michele aveva un gallo (S. Miguel tinha um galo), para que as pudéramos olhar em Ourense.

Acho que não posso esquecer-me de mencionar as pessoas que ao longo dos tempos mais ajudaram ao cine clube. Sem dúvida alguma, o mais importante foi Amando Prada Castrillo, especialmente desde que fora nomeado Delegado provincial de Cultura em Ourense. Foi ele o que reclamou do ministério, na altura dirigido por Pio Cabanillas, para que ajudasse economicamente ao “Padre Feijóo” em 1978, para salva-lo da desapareição, eliminando a sua grande dívida, o que se conseguiu com a sua mediação. E também graças a ele, pelas mesmas datas, o cine clube pudo projetar essa crítica temporada na sala da delegação da rua Avenida da Habana, e mais tarde na da Casa de Cultura da rua do Concelho, onde instalou na sua cabina os projetores de 35 mm. OSSA 6, e onde ainda hoje continua projetando. Foram também muito bons colaboradores Manolo Rego, Luís. G. Andelo e Balbino Álvarez desde o Concelho, Victorino Núnhez desde a Deputación, a equipa directiva do colégio dos PP. Salesianos, o proprietário do Cine Mary Guillermo Fdez. De Lage, Maribel Outeirinho e seu irmão José Luís



Amando Prada Castrillo

desde o diário La Región, as diretivas do Liceu Recreio (com Pedraio de presidente), do Ateneo e da Alianza Francesa, Bieito Losada da Casa da Juventude, e os cinéfilos David Freire de Prado, José Román Ferreiro, Eloi Lozano, Carlos Casares, Marcos Valcárcel, Manolo González, Carlos Varela Veiga, Manuel Albendea e sua esposa e Angel Martínez (“Anxo”), entre outros. E Bieito Batán e Felipe Ferreiro, quando ocuparam os cargos de Delegados provinciais de Cultura.

Na história do cine clube, ademais dos directivos já citados anteriormente, cujo nome não queremos repetir, formaram parte das diferentes diretivas outras pessoas que devemos lembrar, seguindo uma ordem cronológica desde os inícios: Alfonso Vázquez-Monjardín Blanco (que bastante tempo ocupou o cargo de tesoureiro), Óscar Santos Fernández Rivas, os irmãos António e Júlio Fernández Senra, Marina Salas Ellacuriaga, Javier Carvajal, José Nogueira Meno, Javier Saco, Felipe Ferreiro, José Lois Carrión, Maite Ansias Bacelar, Marcial Perianes, Avelino Faraldo Roca, Francisco Guinarte Nogueira, Anxo Ferreira Vázquez, Eloi Lozano Coelho, Marcos Valcárcel López e Joaquim Vélez Latorre.

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.

T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – Pérez Lema – X. Glez. Mtnez. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez.

PAIS BASCO: Nicolás Xamardo.

CANARIAS: Fco. Puñal.

Fotografía: Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Depósito legal: VG-138-2015



Por que se revelan?

Espero que Sami Naïr non se incomode por utilizar o título do seu libro sobre as últimas revolucións e contrarrevolucións do mundo árabe para este meu comentario.

Obviamente non pretendo facer un paralelismo entre o que estes días ocorre en varias cidades do Estado pola detención do rapeiro Pablo Hasél e o que pasou nos diferentes países árabes hai unha década. Aquí as cousas comezaron porque as autoridades xudiciais consideraron que certas expresións do rapeiro non tiñan encaixe dentro dos límites da liberdade de expresión e consideráronas ofensivas; por elo foi condenado a entrar no cárcere, aínda que xa tiña en suspenso outras causas por parecidos delitos.

Os medios controlados polos tres monopolios da información, case que sen excepción, elevaron este feito ata alturas inimaginables. Como en Fuenteovejuna condenaron ao rapeiro e deron “cobertura legal”, que non lexítima, ás decisións xudiciais.

Aquí o de menos é se o rapeiro ofende tanto ou canto, o importante é que o Poder non pode tolerar este tipo de cousas. Ninguén quere admitir que nos baixos fondos das protestas están asolagados dereitos e demandas insatisfeitas. Enchen a boca con “democracia”, “orde social”, “respecto polo alio”, e outras lindezas.

Sami Naïr dínos que nas últimas décadas a integración social deixou de funcionar. Porén, centos de miles de mozos formados e desenganados van chegando a unha sociedade cada vez máis mundializada e globalizada que se ve afectada polo estrangulamento do mercado laboral. Esta mocidade esixe un oco no reparto da riqueza.

No caso dos países árabes estudados polo autor dínos que aí dispuñan dunha válvula, a emigración, que lles permitía librarse de grande camadas de mozos reivindicativos. Aquí nós tivemos o mesmo, só que agora, na situación en que nos atopamos, xa non dispoñemos desa solución. Pola contra, son milleiros de inmigrante os que tentan chegar a nós para buscarse un anaco de pan que levar á boca. Claro que aquí non só non lle solucionamos o problema senón que pasan a ser obxecto de mofa por un lado e de ataques xenófobos por outro. Castelao dicía “o galego non protesta, emigra”. Hoxe esa saída está pechada. Agás os universitarios que saen das nosas universidades extraordinariamente preparados e teñen que irse ao estranxeiro para poder traballar do que saben. O noso orzamento para investigación e desenvolvemento (I+D+I) non despega. Os empresarios dínnos que o noso PIB non é dos peores da zona pero as capas de pobreza e de exclusión social aumentan cada ano. Esperemos ao remate da pandemia e dos ERTES; o aumento de paro laboral vai ser de campionato.

As demandas dun cambio de modelo económico cando non son atendidas vólvense explosivas. A mocidade comproba como os grandes lobbys están á espreita para facerse cargo desa inxente cantidade de cartos que din nos vai chegar de Europa. Será para fomentar a actividade laboral e contratar máis persoal? Será para botar man dos nosos universitarios que están esperando a ocasión para demostrar o que valen? Nin o soñen. O



que pretenden e cambiar o modelo produtivo para que con menos obreiros, menos persoal laboral e máis aparatos cibernéticos as súas empresas sigan producindo máis e mellor. Aquí temos unha incógnita: a quen pretenden venderlle esa inxente produción se os posibles compradores dispoñen cada vez de menos recursos? Neste punto vénenos á mente algo que limos tempos ha sobre unha empresa automobilística que se instalou non pobo africano. Facíalles aos seus obreiros ofertas moi tentadoras para que mercasen un coche. Cando lle preguntaron a unha parella de traballadores xa metidos en anos para que usaban o seu coche do trínque, responderon: “Os domingos subimos aí á montaña, estamos un rato vendo a paisaxe e volvemos para a casa”.

Á empresa non lles importaba se os traballadores precisaban ou non un automóbil, o que interesaba era vender. Claro que agora iso é imposible, porque o que vai pasar é que desaparezan os pretendidos compradores. Se non hai postos de traballo non pode haber cidadáns co poder adquisitivo suficiente para mercar nada.

Isto a onde nos leva? Pois moi sinxelo. Dicar que aquí está a nai do año que arde nas rúas de varias cidades españolas pode parecer unha inxenuidade. Pero se nos internamos no miolo do problema xa non sería tal.

As protestas pola detención do rapeiro Pablo Hasél comezaron sendo iso; unhas protestas obvias por un amigo, compañeiro ou referente que resulta ser detido e metido no cárcere por unhas frases ou ditos máis ou menos afortunados. Ese foi o misto que prendeu no material inflamable que estaba, está, aí en cada recuncho deste País. Ata

agora as grandes cidades do mundo ofrecíannos mediante a literatura escenas dantescas de barriadas enormes con centos de miles de persoas novas e non tan novas que vivían ao marxe da lei. Lembro que anos atrás a policía francesa confesaba non atreverse a entrar nun barrios francés das aforas de París porque alí eran esperados con todo tipo de armas de fabricación caseira (non eran as que Aznar dixo que había en Iraq) e que eles, os policías non eran quen de repeler. Así noutras cidades ao longo e ancho do mundo. Hoxe iso xa pasou a un segundo plano. Hoxe eses milleiros de mozos e mozas desesperados e sen nada que perder conviven entre nós. Son os fillos e fillas dos nosos veciños que están un día si e outro tamén matando o tempo polos bares ou cafeterías, as veces con café durante horas porque o presuposto non lle da para máis.

Así, a esta perola social colocada nun trepio non lle falta quen atice o lume. Grupos políticos organizados con garabata e traxe de Armani, que se aproveitan de “canto peor, mellor”. Cando ocorre un feito lamentable coma o de meter na cadea a un rapeiro por supostas difamacións e delitos de expresión salta a chispa e prodúcese o incendio. Unha vez comezado xa resulta imparabile porque os chamados a buscar solución responden coa “razón da forza”, non coa forza da razón. Saltan ao campo de xogo todos os plumillas pesebristas que non lles preocupa facer leña dunha árbore caída. O que importa é encher páxinas e páxinas e dar titulares; carnaza para os cans de presa que están esperando para desacreditar a eses miles de mozos e mozas aos que nunca defenderon cando o precisaban.

Arden as rúas de España, esa “grande e libre” que volvemos escoitar cando pensabamos estaba no baúl dos malos records de Carina. Resulta facilísimo culpar aos “incendiarios” físicos, tanxibles, visibles polos medios de comunicación que non perden ripio para facelos “famosos”, pero nada se escoita de que facer con todos eles unha vez rematada a lavarda, a algarada. Que solicitou unha entrevista con esta mocidade para preguntarlle por que se voltan tan violentos. Quen se procurou de coñecer in situ, tété a tété, que razón poderosas os moveron? Ou damos por sentado que son unha panda de descerebrados, de tolos de atar? Supoño que non. Aí, nese cóctel explosivo, pode estar un dos nosos fillos ou fillas. Aí poden estar miles de mozos despedidos de contratos en precario que non cotizaron á SS. Aí poden estar dende “os fillos de papá” que non aceptan unha vida inútil e sen futuro decente que lle ofrecen os seus maiores, aí pode estar calquera dos mozos e mozas levados ao ostracismo, á ignorancia como cidadáns preparados e

listos para ofertarnos un mundo mellor.

Hoxe ninguén se preocupa diso. Hoxe só lamentamos as perdas económicas de tantos comerciantes que sen ter parte nin arte son prexudicados indefensos ante tanta barbaridade. Piden a gritos que se remate con situación coma esta. Pero...Que estamos facendo para que mañá non se produza outra parecida?

Estes días escoitei a un político de alto cargo dicir “es preciso reformar el Código Penal pero no será mientras existan protestas en las calles”. E tanto como se o médico di: a este enfermo nin auga mentras siga dicindo que lle dou todo o corpo”.

Na introdución da súa obra, “Como mueren las democracias”, Steven Levitsky e Daniel Ziblatt pregúntanse se a democracia estadounidense está en perigo. Pregunta que, aseguran endexamais pensaron terían que formular.

Durante máis de 15 anos levan reflexionando e escribindo sobre os fallos democráticos doutros países sen pensar que EEUU tamén estaba doente. Crían que as veteranas institucións americanas resistirían calquera veleidade por moi atrevida que fora. Comprobaron con estupor que non era así. Din estar preocupados porque os políticos estadounidenses actuais tratan aos seus adversarios coma inimigos, intimidan á prensa libre e ameazan con impugnar os resultados electorais. Intentan debilitar as defensas institucionais da democracia incluídos os tribunais, os servizos de intelixencia, as oficinas de ética, etc.

Os estados americanos que no seu día foron aupados polo grande xurista Louis Brandeis como “laboratorios de democracia”, corren o risco de converterse en laboratorios de autoritarismo. Hoxe en día as democracias non sucumben a “golpes de estado” como ocorreu en Chile, en Venezuela no seu día, en Polonia. Hoxe pola vía electoral non ocorre nada disto. A poboación segue votando, os autócratas electos manteñen un parecido democrático, a que van destripando ata despoñala de contido.

Moitas medidas gubernamentais que subverten á democracia son “legais”, no senso de que as aproba a asemblea lexislativa ou os tribunais. Incluso poden ser vendidas á poboación como medidas para sanear o proceso electoral. A prensa segue publicándose, aínda que subordinada ao Poder, ou baixo unha disimulada censura. Os cidadáns seguen criticando ao Goberno, pero con frecuencia se atopan lidiando con impostos ou outros problemas legais. Todo isto aboa a confusión pública; a poboación non se decata de inmediato; moitas persoas cren que viven nunha democracia.

En 2011, unha enquisa del Latinobarómetro solicitaba aos venezolanos que cualificaran ao seu propio país do 1 (nada de-

Continúa na páxina 4...

Opinión

Caderno da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

Coruña fala galego

Pois si. A cidade galega con máis persoas galegofalantes (en termos absolutos, porcentualmente Lugo, Ourense e Compostela melloran os seus números) xa ten aprobado inicialmente unha normativa municipal de seu a prol do galego, na vía de amañarmos a desfeita galegófoba de Paco Vázquez.pol

O xeito coruñés de facer as cousas, desta volta, semella ben acaído porque non houbo ningún partido a contra. Votaron a prol 17 das 27 persoas concelleiras (PSdeG, BNG, Marea Atlántica e as dúas non adscritas) e abstivéronse os 10 representantes do PP.

Os representantes do pobo da Coruña, ben abeirados nun moi potente informe xurídico da UDC, asinado polos profesores Carlos Aymerich e Carlos Amoedo (Dº Administrativo) e Francisco Caamaño (Dº

Constitucional), desbotaban a limitada tendenciosidade manifestada nas sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG, 2016 e do Tribunal Supremo(TS, 2019) que anulaban algúns artigos da Or-



denanza municipal de uso do galego do concello lugués de 2012 que agora recupera substancialmente a normativa coruñesa

Deste xeito, o galego, como lingua propia e oficial do noso País, será a lingua de uso normal e preferente na administración, sinalética, comunicación e publicidade do concello coruñés e de todas as súas axencias, fundacións e empresas públicas. Tamén das súas empresas privadas concesionarias de servizos públicos e contratistas, malia que sexan árabes ou chinesas de orixe. O galego será a lingua normal de uso coa cidadanía, de non ser que ésta, no seu lexítimo dereito, opte polo uso do castelán nas notificacións no seu concreto asunto. Por suposto, tendo en conta a vocación turística da Coruña, usarase na publicidade cando cumpra, a outra lingua cooficial-o castelán- canda outras non oficiais, como o inglés.

O mérito xurídico desta normativa é acadar unha interpretación constitu-

nal-estatutaria conforme coa nova normativa, como esixe a acaída interpretación constitucional. E o mérito político é un amplísimo pacto político que só deixa fóra aos extremistas que refugan os nosos dereitos lingüísticos, culturais, políticos e económicos. Para máis, amosando posíbel unha resposta do PSdeG que rexeita a cativa herdanza de Paco Vázquez e apártase da frivolidade cosmopolitista do alcalde vigués Abel Caballero, sendo quen de consensuar co BNG uns parámetros estables que definen a praxe posíbel lingüística e cultural do concello coruñés para os vindeiros 15-20 anos.

Agora cómpre levar este pulo á sociedade civil, empresa, deporte e cultura coruñesas para reconciliar de vez a cidade da Coruña (refundada no 1208 polo mellor rei da Galicia, Afonso VIII) coa lingua propia do País do que sempre quixo ser garda, chave e forza.



Fondos europeos e rescate da hostalería e da cultura.

Na gobernanza económica que esixe para Galicia a pandemia salienta o obxectivo do fomento da reindustrialización, viabilización e resiliencia definido nos fondos europeos Next Generation EU (140.000M€ para o Estado dos 750.000M€ acordados pola Unión Europea-) e o mantemento do tecido produtivo de pemes, nomeadamente da hostalería e actividades culturais, que son as que sofren nomeadamente as restricións sanitarias (canda determinado comercio de proximidade non esencial).

Este sábado 30-X diversas organizacións sindicais, ecoloxistas e sociais manifestáronse na Galicia contra a distribución destes fondos europeos, por canto estarían a se monopolizar polas grandes empresas do Ibex 35, nomeadamente as de distribución

eléctrica, petróleo, gas e grande produción forestal, de xeito que obxectivos europeos de primeiras ben aquelados como a reindustrialización verde ou o potenciamento da produción eléctrica a medio de fontes renovábeis estarían a perigar gravemente ao pormos o raposo ao coidado das pitas. É dicir, ao destinarmos a meirande parte destes fondos europeos ás mesmas grandes empresas do Ibex 35 que son os máximos responsábeis dos danos e riscos ambientais e da precarización do emprego.

Pedro Sánchez ven de salvar o Decreto-Lei que regula a xestión destes fondos europeos pola abstención de Vox e a aprobación dos nacionalistas vascos do PNV e EH-Bildu, conformes cunha xenerosa cota para a avanzada industria vasca que autoxestionarán eles propios. Mais Galicia re-

cebirá só o 4,4% dos fondos territorializados, menos do 70% do que nos cumpriría pola nosa poboación e diferenza co PIB per cápita estatal. Mais non só é o Goberno do Estado quen está a xestionar de xeito escuro estes fondos, porque tamén a Xunta atenta contra as normas democráticas de



transparencia. Nun e noutro caso agachan a incapacidade de xestión e a súa vontade que sexan as grandes empresas as que monopolicen dos destinos dos fondos, esquecendo que son as pemes a chave do emprego e os sectores autóctonos de van-

taxes comparativas os que poden de verdade mudar a estrutura produtiva deste País.

No outro ámbito fulcral, no da destrución do actual tecido produtivo, a Xunta rexeitou unir esforzos coas Deputacións e os principais concellos da Galicia para rescatar ao sector hostaleiro, que ten sufrido canda o sector cultural a peor vaga destrutiva da pandemia. Amosaron Feijóo e Rueda a súa falla de compromiso cun sector inxustamente estigmatizado, absurdamente fragmentado canto axentes representativos e que precisa, canda as nosas actividades culturais, un plan moi potente que semella non virá polo de agora.

Precisamos liderados políticos, mais tamén sociais e sectoriais, que mobilicen as forzas vivas galegas para esixir unha gobernanza económica transparente, social e democrática, en Compostela, Madrid e Bruxelas.

...Ven do Editorial, páxina 2 "Por qué se revelan?"

mocrático) ao 10 (completamente democrático). O 51% dos enquisados déronlle unha puntuación de 8 ou superior.

Dado que non existe un único momento (non hai golpe de Estado, lei marcial ou suspensión da Constitución) en que o goberno cruzaría a liña e converteríase nunha ditadura, nada fai soar as alarmas entre a poboación. Os que denuncian abusos do Goberno poden ser desqualificados como esaxerados ou alarmistas. Para moitos cidadáns a erosión da democracia é case im-

perceptible. As democracias funcionan mellor e sobreviven máis tempo cando as institucións se apuntalan con normas democráticas non escritas. Son normas básicas a tolerancia entre os distintos grupos políticos, o acordo de aceptarse como rivais lexítimos e non como adversarios e resistir a tentación de usar as institucións en beneficio propio cando estean no Poder. Nestes momentos vemos como estes gardarraís da democracia se están debilitando.

Para rematar, permítanme que lle conte

unha fábula de Esopo: "O cabalo, o cervo e o cazador", a propósito do uso e abuso do Poder.

"Un cabalo decidiu vingarse de certo venado que o tiña ofendido e comezou a perseguilo. De contado comprobou que só non podía alcanzalo e solicitoulle axuda a un cazador. Este accedeu pero díxolle: "se queres dar caza ao cervo debes permitirme poñerche este ferro entre os dentes para poderte guiar mellor e poñerche esta cadeira para poder cabalgar estable mentras

persequimos ao teu inimigo". O cabalo accedeu ás condicións e o cazador dispúxose a enselalo e embridalo. Coa axuda do cazador o cabalo non tardou en vencer ao cervo. Entón díxolle ao cazador: "Agora baixa e quítame eses ferros do fuciño e das costas". "Non tan rápido, amigo, respóndeme o cazador. Agora téñote agarrado pola brida e polas espuelas e prefiro quedarme contigo como agasallo"

Páseno ben. Resistan a pandemia porque a vida son dous días. Vivamos a tope.

Inés Rey e Núñez Feijóo formalizan a construción do novo CHUAC

Alcaldesa da Coruña, Inés Rey, asinou o convenio para a construción do novo CHUAC xunto ao presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo. A sinatura permite desbloquear a construción da nova infraestrutura e “blindar a sanidade pública da cidade”, apuntou a rexedora.

Por parte do Goberno municipal asistiron á sinatura o concelleiro de Economía e Facenda, e voceiro do goberno, José Manuel Lage, e o concelleiro de Urbanismo, Infraestruturas e Mobilidade, Juan Díaz Villoslada. O presidente da Xunta estivo acompañado da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, e do conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña.



Inés Rey advertiu da importancia do novo hospital ante os retos sanitarios determinados pola pandemia. Toda vez, agradeulle ao presidente da Xunta o diálogo fluído durante os últimos meses para desbloquear esta infraestrutura.

Pola súa banda, Feijóo infor-

mou que o novo CHUAC permitirá dobrar a superficie hospitalaria até acadar os 225.000 metros cadrados de superficie; ampliar un 108% os postos de urxencias; elevar o 50% as consultas e o número de habitacións individuais; e sumar un 15% máis de camas.

Reformarán o acceso ás praias coruñesas para as persoas con diversidade funcional

O Concello da Coruña, a través da Concellería de Medio Ambiente, iniciará proximamente as obras de mellora da accesibilidade nas praias da cidade. Os traballos fóronlle adxudicados a Cimbra Contracts, S.L. por un importe de 178.698,49 euros e un prazo de

execución de catro meses.

As obras céntranse en 3 das 5 praias urbanas coruñesas, sendo estas Riazor, Oza e Santo Amaro. O obxectivo, tal e como explicou a alcaldesa, Inés Rey, é conseguir que as praias da cidade sexan accesibles para todas as persoas.

Pola súa banda, a concelleira

de Medio Ambiente, Esther Fontán, destacou que esta actuación forma parte da Estratexia DUSI, Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado, financiado ao 80% polo FEDER no marco do eixe de desenvolvemento urbano do Programa Operativo Plurirrexional de España (antes POCs) urbanas.

PSdeG insta á Xunta a compensar economicamente aos mariscadores da Ría do Burgo

O vicevoceiro do Grupo Socialista, Pablo Arangüena, vén de instar á Xunta a “compensar economicamente” ás mariscadoras e mariscadores da ría da Coruña “afectados pola imposibilidade de practicar a súa actividade” durante o tempo que duren as obras de saneamento da ría do Burgo. Fíxoo a través dunha

proposición non de lei, presentada na Comisión de Pesca do Parlamento, que foi apoiada polo BNG e rexeitada polo PP.

Arangüena alertou de que as obras “implicarán a perda de ingresos por parte duns 80 mariscadores que viven da ría” durante os 26 meses que durará a obra. Por iso, pediu unha liña de axudas dunha contía aproximada duns

dous millóns e medio de euros.

Doutra banda, Arangüena criticou a proposta que levou o PP á comisión que, ademais de cuantificar as axudas para o colectivo prexudicado nun millón de euros, o que é “absolutamente insuficiente”, pretende “que a Xunta achegue desa contía só 100.000 euros”, o que supón “o 0,20% do que se vai investir na ría”.

Concello da Coruña reforma a cuberta da piscina de Riazor

A concelleira de Deportes, Mónica Martínez, informou no transcurso da comisión informativa de Deportes do inicio das obras de reforma e rehabilitación da cuberta da piscina de Riazor. Os traballos foron adxudicados á empresa Abeconsa por un importe de 253.792 euros e un prazo de execución de

dous meses.

A piscina de Riazor acolle as Escolas Deportivas Municipais de natación, temporalmente suspendidas polas obras da cuberta. A Concellería de Deportes estuda realizar cursos intensivos de natación, xa que está previsto que a piscina non se peche en todo o verán.

Concello reformará o parque infantil do barrio de Pedralonga

O Goberno de Inés Rey adxudicou á empresa Talud Verde SL as obras de ampliación e reforma integral do parque infantil de Pedralonga por un importe de 62.499 euros e un prazo de execución de tres meses.

A actuación, coa que se lle dá resposta a unha demanda veciñal, inclúe a instalación dun valado e a reparación dos xogos existentes en mal estado co fin de garantir a seguridade das nenas

e nenos do barrio. Esta nova superficie tamén contará co equipamento biosaudable para as persoas maiores.

Trátase doutra reforma máis de parques infantís, unha cuestión que priorizou o goberno de Inés Rey, polo que se sumará ás xa completadas da praza da Fábrica de Tabacos e de Valaire, ás dos parques da praza da Concordia e Urbanización Breogán e mais á do que está nas Conchiñas.

Programa "Cooperamos+" de axudas ás cooperativas



A Deputación da Coruña apoia con 47.070 euros á Unión de Cooperativas EspazoCoop para o financiamento do programa “Cooperamos+”, que busca impulsar ás cooperativas afectadas pola crise da Covid-19.

O presidente do ente provincial, Valentín González Formoso, a presidenta de EspazoCoop, Ana Oliveira Blanco, e o deputado de Emprego, José Ramón Rioboo, asinaron o convenio de colabo-

ración que se enmarca dentro das accións do Plan de Emprego Local (PEL) da Deputación.

O programa de asesoramento dará servizo a entre 20 e 80 cooperativas en funcionamento ubicadas no ámbito rural ou periurbano da provincia da Coruña. A Deputación achega a través deste convenio 47.040 dos 58.800 euros que custa o proxecto, supoñendo esta aportación o 80% do custo total do programa.

Galicia

Deputación da Coruña reforza os seus programas sociais ante a pandemia

A Deputación da Coruña reforza este 2021 todos os seus programas sociais para facer fronte ás consecuencias da pandemia entre os colectivos especialmente vulnerables e as familias con menos recursos. Así, os Orzamentos 2021 incrementan a partida para área social de 11,8 a 27,4 millóns de euros, un 137% máis que no pasado exercicio.

Neste compromiso destaca o Plan Único (POS+2021), principal programa de investimentos da Deputación nos 93 municipios da provincia da Coruña, que incrementa o seu orzamento inicial de 47,2 a 64,6 millóns de euros e adáptase á difícil situación actual, incorporando por primeira vez un “fondo social” de 14 millóns de euros que se destinarán



en exclusiva a gasto social.

Este plan permitirá contratar este ano preto de 200 profesionais da área social nos municipios e financiar arredor de 300.000 horas de servizo de axuda no fogar (SAF).

Finalmente, a Deputación re-

forzará tamén o seu servizo de Teleasistencia, no que inviste 720.000 euros en 2021 e que experimentou durante a pandemia un importante incremento do número usuarios e usuarias, que supera xa as 2.700 persoas.

O labor de Agalure na loita contra a ludopatía apoiada pola Deputación

Co programa “Podo, pero só non podo”, a área de Benestar Social da Deputación da Coruña colabora coa asociación coruñesa Agalure na rehabilitación de miles de persoas adictas ao xogo, as apostas e outras adicións sen substancia.

Esta colaboración, que data desde 2003, permite levar a cabo estes programas de rehabilitación que, segundo o psicólogo clínico de Agalure, José Manuel Recous, teñen arredor dun 85% de éxito.

A área de Benestar Social da Deputación, Ana Lamas, mantivo unha reunión telemática cos responsables da entidade para coñecer en detalle o funcionamento deste programa de rehabilitación.



Agalure vén detectando nos últimos anos un cambio nas modalidades de xogo, pasando a ser as apostas deportivas e o xogo online o principal motivo das consultas, que experimentaron un incremento do 60%, afectando a persoas con menor idade media.

Por iso, a Deputación e Agalure están valorando a colaboración nun novo programa de educación e prevención da ludopatía destinado a informar nos centros escolares de Educación Secundaria e Bacharelato da provincia sobre os riscos e os problemas asociados á adicción ao xogo.

A arte como estimulación cognitiva achégase ao rural coruñés

Desde 2013, a Deputación da Coruña colabora coa ONG coruñesa Participa pola Inclusión Social nun programa de estimulación e desenvolvemento cognitivo a través da arte para nenos e adultos con diversidade funcional.

A deputada responsable da área de Benestar Social, Ana Lamas, reuniuse coa presidenta da asociación, María Lemus, coa que

abordou a evolución e os resultados obtidos neste programa pioneiro en Galicia, así como a súa adaptación ao actual escenario debido á crise sanitaria da Covid-19.

A Deputación e Participa que- ren agora estender este programa a 10 entidades dun mínimo de seis concellos rurais da provincia, co obxectivo de lograr a participación de 600 persoas este ano.

Deputación da Coruña destina 230.000 € para proxectos de cooperación exterior



O presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, informou que a institución provincial destinará este ano 230.000 euros a cofinanciar, en colaboración con ONGD e asociacións sen ánimo de lucro da provincia, proxectos de axuda ao desenvolvemento en América Latina, Caribe e África.

As bases destas axudas, publicadas no Boletín Oficial da Provincia, establecen dúas liñas de subvencións diferenciadas, unha para o financiamento de actividades, dotada con 115.000 euros, e outra para investimentos, cun orzamento doutros 115.000 euros.

Dende hai anos, a Deputación colabora con programas solidarios como “Vacacións en Paz”, que trae á provincia nenos saharauis durante o verán; “Viaxe cara á vida”, da Fundación Tierra de

Hombres, que permitiu traer a nenos e nenas de países africanos como Togo, Benín, Senegal ou Mauritania para ser operados de cardiopatías no CHUAC da Coruña, ou o programa impulsado por Leticia Cativa para que nenos da área afectada polo accidente nuclear de Chernóbil pasen as súas vacacións en diversos concellos coruñeses.

En 2020, a Deputación da Coruña colaborou con 17 ONGs para financiar outros tantos proxectos de cooperación exterior e axuda ao desenvolvemento en distintos países de África, Sudamérica, Centroamérica e India, con axudas que oscilaron entre os 6.089 e os 27.473 euros, destinadas fundamentalmente a financiar proxectos de carácter educativo, sanitario, loita contra a pobreza e mellora de infraestruturas públicas en comunidades de países con escasos recursos.

Máis información na nosa web

www.novasdoeixoatlantico.com

Gonzalo Caballero acusa a Feijóo de “complicidade” no caso de vacinación irregular da delegada do “imperio xeriátrico” DomusVi,

Os socialistas non ven posible a vacinación en tempo e forma en Galicia debido á baixa cantidade de persoal sanitario que poida levalo adiante. Reclaman ao presidente da Xunta o incremento de contratacións para unha maior eficacia da inmunización de galegos e galegas.

O secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, esixiu ao presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo que compareza no Parlamento para explicar o que denominou “complicidade” de Feijóo coa vacinación irregular da conselleira delegada de DomusVi, Josefina Fernández, delegada para España dun “imperio xeriátrico no que faleceron máis de 2.500 persoas” a causa de contaxios por COVID.

Gonzalo Caballero sinala que “a credibilidade de Feijóo está tocada”. Nese sentido, tamén quixo deixar claro que o dereito a ser vacinado “non vén dado pola capacidade adquisitiva” de cada quen. Así, engadiu que o propio estado do benestar é o que vela pola “igualdade de todos”. “E por iso hai que ser moi contundentes fronte ás irregularidades no proceso de vacinación”, quixo remarcar o secretario xeral do PSdeG.

Caballero considerou tanto a vacinación da delegada de Do-

musVi como a da alcaldesa “popular” de Boimorto, como unha “falta de ética”. Por iso instou ao presidente da Xunta e líder dos populares que “rexeite” publicamente estes dous feitos, ademais de botar luz sobre as “irregularidades” da vacinación de 200 persoas en Pontevedra.

“Non se poden usar os mecanismos do poder para vacinarse cando aínda non está inmunizado o persoal sanitario e de servizos sociais que traballan na primeira liña contra o coronavirus”, enfatizou Gonzalo Caballero. Ademais, tamén chamou a reforzar os equipos dedicados á vacinación, así como o sistema sanitario en xeral, para vencer a terceira onda da covid.

Consciente da saturación das UCI e do seu persoal, o responsable do PSdeG incidiu en que “a Xunta ten que actuar fortalecendo a sanidade pública” dando resposta ás necesidades asistenciais e atendendo tamén “á chamada de auxilio” que están facendo os sanitarios.



INFORMACIÓN DELIBERADAMENTE CONFUSA

O voceiro de Sanidade do Grupo Socialista, Julio Torrado, criticou que o goberno galego estea ofrecendo deliberadamente “información confusa”. Torrado cre que o goberno galego “tentar agochar a gravidade da situación” tanto no que atinxe á saturación dos hospitais e, nomeadamente, das UCI ademais do relativo aos procesos de vacinación.

Torrado avisou ao goberno da Xunta que “a nosa lealdade co goberno galego para xestionar a pandemia non é complicidade ante as falacias”. Aínda máis, cualificou de “mentira” a afirmación de Feijóo sobre a ocupación dase UCI que sería do 30%, cando están “practicamente cheas”. O

voceiro de Sanidade sinalou que, nalgúns casos, están traballando nelas incluso profesionais non específicos desta área.

Torrado insiste ao goberno galego que aumente as contratacións para facer fronte aos procesos de vacinación. Sobre todo, como sinalou, logo da “barrabasada” dita por Feijóo de que garantía a vacinación total de Galicia en “oito ou dez semanas”.

“Co persoal que temos, non existe posibilidade material de facelo”, asegurou. Segundo Torrado, é inviable inmunizar a 38.500 persoas ao día con 200 enfermeiras e enfermeiros. “Serían 192 persoas ao día cada enfermeiro ou enfermeira para un proceso que leva dez minutos: farían falla 32 horas no día”, resumiu.

O GOBERNO “PROGRESISTA” QUE REBAIXA AS PEAXES

O secretario xeral do PSdeG tamén recordou que o Congreso aprobou a toma en consideración da proposición de lei para a transferencia da AP-9 a Galicia. Isto, despois dos “vetos” a debater esta normativa durante a etapa de Mariano Rajoy á fronte do goberno de España.

Gonzalo Caballero quixo poñer en valor as bonificacións das peaxes por 63 millóns de euros que o executivo presidido por Pedro Sánchez introduciu nos Orzamentos Xerais do Estado. Unha postura contraria á decisión do goberno Aznar de prorrogar a concesión da AP-9 ata 2048.

“O goberno progresista está dando saltos cualitativos na rebaixa das peaxes e na transferencia da autoestrada”, destacou Caballero, quen apelou a “un gran acordo de todas as forzas” para que “se manteñan” esas bonificacións ata o fin da concesión.

Logo de lembrar que a rebaixa das peaxes será efectiva no primeiro semestre, “en xuño ou, se pode ser, en maio ou abril”, recordou que outras comunidades aprobaron bonificacións en autoestradas de titularidade estatal. Ante isto, Caballero preguntou “A Xunta está disposta a contribuír tamén?”.

PSdeG rexeita proxecto de alta tensión entre Arteixo e Carballo

O parlamentarista arteixán e voceiro de Industria do Grupo Socialista, Martín Seco, solicitou á Xunta de Galicia, a través dunha batería de iniciativas presentadas no Parlamento, que paralice o proxecto da liña de alta tensión entre o parque eólico de Monteagudo en Carballo e o polígono de Morás en Arteixo porque “destrúe o patrimonio paisaxístico e ambiental de Arteixo”.

Así, Seco sinalou que “a moción aprobada por unanimidade na corporación municipal arteixá, cun

alcalde do PP, confirma a falla de información, asesoramento e defensa do patrimonio que vimos denunciando que sofren os concellos afectados pola instalación de parques eólicos e liñas de evacuación”.

Por último, “ante a falla absoluta de sensibilidade do goberno galego”, Seco pediu ao alcalde de Arteixo que convoque “con urxencia” un Consello Veciñal Municipal para abordar este asunto “dende a unidade de todos os entes do concello”.

Gonzalo Caballero felicita a Salvador Illa e amosa a súa satisfacción polo resultado do PSC en Cataluña

O secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, amosou a súa satisfacción por que o PSC se convertese na primeira forza política nas eleccións autonómicas catalás de hoxe domingo, nas que obtivo 33 deputados. Caballero felicitou a Salvador Illa polo resultado electoral e considera que Illa é o mellor presidente para Cataluña.

Nun contexto de desplome da participación, cuns dous millóns de votantes menos que nas anteriores autonómicas catalás, o líder dos socialistas galegos apelou á necesidade de diálogo e de respecto ao estado de dereito e á Constitución por parte do bloque independentista de Cataluña. É necesario avanzar no diálogo e nos acordos sempre respec-

tando a Constitución.

Finalmente, o máximo dirixente do PSdeG manifestou a súa preocupación polo ascenso de Vox ata o cuarto posto, ante a caída de Ciudadanos e o afundimento do PP, que se converte nunha forza minoritaria do Parlament. O PP sae moi debilitado e a dereita e a extrema dereita acentuarán a súa competición.

Galicia

Gómez Reino: "AP-9 debe ser pública, galega e gratuíta"

Na véspera do debate no Congreso do Proxecto de Lei de Transferencia da Autoestrada do Atlántico (AP9) a Galicia, o deputado galego Antón Gómez Reino remarcaba as tres premisas irrenunciáveis do seu partido para a AP-9, sendo estas "pública, gratuíta e galega",

como iniciativas para dar resposta a unha demanda unánime da sociedade galega.

É insostible que atravesar o noso país de norte a sur pola AP-9, que é a arteria viaria que vertebrará socioeconómicamente Galicia polo corredor Atlántico, de Ferrol a Tui, teña un prezo desmesurado

de 22,30 euros por traxecto para un turismo", remarcou.

Os orzamentos xa aprobados polo Goberno de coalición para o 2021 incorporan, por primeira vez na historia, unha partida de preto de 60 millóns de euros para bonificar certos tramos e suprimir outros.

"Siemens debe entender que é prioritario salvar os postos de traballo en As Somozas"

Antón Gómez Reino, vicevoceiro do Grupo Parlamentario de Unidas Podemos-En Comú Podem-Galicia en Común na Comisión de Industria, acompañado dos deputados Alberto Rodríguez e Enrique Santiago, reuníronse en Madrid cunha representación dos traballadores de Siemens Gamesa As Somozas e Siemens Gamesa Cuenca, co obxectivo de recoller as súas preocupacións ante a decisión

da multinacional de pechar ambas fábricas.

Os Comités de Empresa trasladaron a necesidade de que se convoque a Mesa Industrial ante a extinción do ERE o pasado 18 de febreiro. "Siemens debe entender que é prioritario salvar os postos de traballo en As Somozas e en Cuenca se quere seguir operando con normalidade no Estado", sinalou Antón Gómez Reino referíndose a unha multinacional que "nos tres últimos

anos tivo uns beneficios netos e unha carteira total de pedidos que sobrepasaron os 30.000 millóns de euros".

"Hai que evitar por todos os medios que 215 familias de Ferrolterra acaben na rúa", declarou Gómez Reino. O Grupo Parlamentario rexistrou unha proposición non de lei para que as administracións públicas poñan en marcha "todas as accións precisas para favorecer o mantemento da actividade industrial

PSdeG acusa ao BNG de "obstrucionismo" cos fondos europeos

O coordinador dos socialistas galegos no Congreso dos Deputados, Guillermo Meijón, criticou "a postura obstrucionista" do BNG ao non apoiar o ditame relativo á recepción por parte de España

de 140.000 millóns de euros de fondos comunitarios.

Reprobou esta actitude "irresponsable" dos nacionalistas galegos logo de que o goberno acadara esta importante contía para España dun montante total

de 750.000 millóns de euros para todos os estados membros.

De feito, o deputado socialista uniu a este "inexplicable" posicionamento do BNG o seu rexeitamento previo aos PGE ou á lei de educación.

BNG denuncia en Bruxelas a vulneración da normativa comunitaria dos eólicos en Ourense

A portavoz do BNG en Europa, Ana Miranda, trasladou á Comisión Europea a preocupación sobre o proxecto de instalación de tres parques eólicos na provincia de Ourense (e parte de León) por parte da compañía norueguesa Statkraft, que se sitúan na proximidade da Rede Natura.

A respecto dos eólicos previstos en Ourense, para o BNG o problema non só radica na gran potencia dos tres parques proxectados, -Rebordecho, Prada e Bargas, na provincia de León- cun total de 450 megavatios, senón que os tres evacuarían a electricidade na provincia de Ourense, mediante novas liñas de alta tensión de 220 KV construídas nunha lonxitude de 76 quilómetros, apro-

ximadamente, en zonas que precisan protección polo seu alto valor ambiental.

Ana Miranda alerta que estes parques, -igual que o proxectado no Monte das Salgueiras, que afecta aos concellos de Ponteceso, Cabana de Bergantiños e Malpica Ponteceso-, se sitúan en zonas moi próximas á Rede Natura e en espazos susceptibles de ser incluídos nesta Rede. Denuncia que estas actuacións "forman parte do plan de branqueo de enerxías renovables que se pretende facer sen participación pública e incumprindo a normativa europea". Neste sentido, lembra que o Estado español "xa ten aberto un procedemento de infracción por non cumprir as directrices comunitarias".

A RAG, a Euskaltzaindia e o Institut d'Estudis Catalans reivindican o plurilingüismo como un patrimonio común

A Real Academia Galega, a Euskaltzaindia e o Institut d'Estudis Catalans fixeron pública unha declaración coa intención de contribuír a aclarar o debate público acerca da presenza das linguas na educación e no conxunto da realidade social.

Así, manifestan que "o Estado español debe considerar a diversidade lingüística como unha riqueza que cómpre preservar e non como un problema que hai que suprimir".

Nese comunicado advirten que, para asegurar o seu futuro en condicións de normalidade, o galego, o éuscaro e o catalán "pre-

cisan dunha presenza reforzada no sistema educativo, que de ningunha maneira redundou nin vai redundar en menoscabo da competencia en castelán" senón mais ben "debe estar orientado a garantir unha competencia plena e igual en cada unha das nosas linguas e do castelán".

Do mesmo xeito, a Real Academia Galega, a Euskaltzaindia e o Institut d'Estudis Catalans, como institucións asesoras dos poderes públicos en asuntos referentes ás respectivas linguas, reclaman ser consultadas polas institucións do Estado e pónense á súa disposición.



en BUEU, onde ía ser?

www.libreriainmiranda.gal

Máis información na nosa web

www.novasdoeixoatlantico.com

A Deputación pon en valor o roteiro de Vilachá de Salvador

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou co presidente da Asociación de Veciños de Vilachá de Salvador, José Castiñeira Defente, o convenio de colaboración polo que a institución provincial inviste 3.000€ para a sinalización e acondicionamento do roteiro turístico de Vilachá de Salvador, na Pobra do Brollón, incluído na candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade da UNESCO.

Tomé Roca destacou que esta axuda enmárcase “na firme aposta

que dende a Deputación estamos a facer por protexer e poñer en valor o noso patrimonio natural, arqueolóxico e etnográfico, co obxectivo de contribuír á promoción turística da provincia, xerando novos postos de traballo, fixando poboación no rural e dinamizando a economía. E facémolo a través dun turismo de calidade, sostible, de experiencias, respectuoso co entorno e con capacidade de atraer visitantes ao longo do ano”.

Tomé salientou que esta actuación coincide co pulo que a

Deputación de Lugo está a realizar para que a candidatura da Ribeira Sacra logre ser Patrimonio da Humanidade. “Unha candidatura impulsada pola institución provincial e á que logo se sumaron outras administracións, como a Deputación de Ourense e a Xunta de Galicia”, subliñou Tomé Roca.

O roteiro de Vilachá de Salvador é circular. Situado no Camiño de Inverno a Santiago de Compostela, conta con 8 quilómetros de lonxitude e o seu percorrido ten unha duración aproximada de dúas horas. O comezo e o final



José Tome e José Castiñeira Defente.

sitúase nas adegas de Vilachá de Salvador, por ser este o espazo distintivo da parroquia, así como o elemento BIC integrado na candidatura da Ribeira Sacra a Ben Mundial. En canto aos espazos polos que transcorre o camiño,

inclúe o castro de Castrelado, a mámoa da Portela, as adegas medievais e dous miradoiros sobre os Canóns do Sil. Así mesmo, a tipoloxía do sendeiro permite que se poida facer a pé, en bicicleta ou noutras modalidades.

A Xunta pon a Vinigalicia como exemplo empresarial galego pola innovación

O vicepresidente económico e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, Francisco Conde, visitou en Chantada as instalacións da empresa vitivinícola Vinigalicia, da que destacou a súa aposta tanto pola internacionalización como pola innovación para gañar en competitividade. Esta empresa familiar, que en 2019 facturou once millóns de euros e que conta cunha capacidade de produción de preto de 13.000 botellas anuais, vén de recibir os indicadores á Empresa Global e á Empresa innovadora na edición Ardán 2020 como mostra do seu esforzo e avances en materia de vendas ao exterior e en I+D+i. Neste sentido, Conde puxo en valor o compromiso e responsabilidade social de Vinigalicia que, durante o estado de alarma, destinou o 3% das súas vendas á investigación, ademais de doar 12.000 máscaras. Tamén foi unha das empresas que participou na campaña Líderes da transformación dixital da Xunta.

O vicepresidente económico valorou o esforzo desta compa-



Visita institucional á adega chantadina.

ñía, a pesar das dificultades, por manter a súa aposta pola dixitalización e pola internacionalización –Vinigalicia exporta a 25 países-, dúas liñas prioritarias para a Xunta e que conflúen no programa Galicia Exporta Dixital. Trátase de axudas, cuxo prazo está aberto ata o mes de xuño, cun orzamento de 6M€ co obxectivo de apoiar a expansión internacional das empresas galegas e os establecementos comerciais, a través de novas canles de comercialización partindo de ferramentas

dixitais innovadoras.

As axudas, destinadas a pemes, autónomos e comercio retalista, son de concorrencia non competitiva e cobren ata un máximo do 80% dos gastos e investimentos necesarios para desenvolver e implementar o plan de internacionalización dixital. Poderase presentar unha única solicitude por empresa cun gasto subvencionable de entre 25.000 e 125.000 euros ou, no caso de comercio retalista, de entre 15.000 a 100.000 euros.

O novo bus urbano, un éxito para os monfortinos



O bus urbano de Monforte alcanzou 34.655 viaxeiros en 2020.

O alcalde de Monforte de Lemos, José Tomé Roca, ven de dar a coñecer os datos correspondentes ó número de pasaxeiros que utilizaron o Autobús Urbano de Monforte no período que vai dende o inicio da súa actividade, o pasado 1 de febreiro de 2020, e ata o 31 de xaneiro de 2021.

Deste xeito, o alcalde sinalou como dato máis relevante que “o novo bus urbano de Monforte transportou, nos últimos 12 meses, un 140% máis de persoas que en 2019. En números absolutos, mentres que en 2019 foron 14.422 os usuarios, en 2020 as-

cenderon ata 34.665, o que supón 20.233 persoas máis que en 2019, todo un éxito para este novo servizo de transporte público municipal.”

Hai que ter en conta ademais que o servizo do bus urbano estivo suspendido en Monforte por un período de case dous meses, en concreto entre o 14 de marzo e o 10 de maio, tras o estado de alarma decretado polo Goberno de España a raíz da crise da COVID-19. Polo tanto as cifras aportadas polo alcalde para 2020 son sobre 10 meses de servizo, fronte ós 12 meses de funcionamento en 2019.

A Deputación pon en marcha o Plan Único 2021

O Boletín Oficial da Provincia (BOP) publicou as bases deste programa, que presenta como novidades a subida da dotación económica ata os 21,5M€, unha decisión coa que o goberno reforza o principal instrumento de cooperación da Deputación cos concellos, nun ano no que teñen máis necesidades polos efectos da crise sanitaria, sobre todo aqueles máis pequenos nos que boa parte da actividade depende dos recursos económicos aportados pola institución provincial. Outra das novidades do Plan Único 2021 é a posibilidade de imputar gastos de contratación de persoal dende principios de ano, o que favorecerá a creación de postos de traballo. Esta medida terá carácter permanente, pero este ano será especialmente importante para contribuir á recuperación do mercado



O incremento progresivo do Plan Único cumpre co recollido no pacto de goberno.

laboral.

Así mesmo, dentro da liña Covid do Plan Único, a Deputación abriu unha nova vía para que os concellos poidan apoiar ao sector servizos –hostalería, comercio e turismo–, actividades que resultaron das máis gravemente afectadas polo impacto da pandemia e que son o músculo da actividade económica da provincia.

O Plan Único 2021 mantén

polo demais a súa esencia, como é a distribución dos fondos en función de criterios públicos e obxectivos, como a poboación, a superficie, a dispersión territorial e a taxa de envellecemento. Ademais, como en anos anteriores, fíxase un máximo de 500.000€ para os concellos de máis habitantes, e de 200.000€ para os concellos que teñen menos habitantes.

A Deputación mellora 11 estradas provinciais de 10 concellos

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, informou que a xunta de goberno celebrada telemáticamente aprobou actuacións para a mellora de 11 estradas provinciais que discorren por dez concellos nas que a institución inviste máis de 1 millón de euros. “Seguimos demostrando que unha das prioridades deste goberno é a mellora das comunicacións. Cremos que unha boa rede de estradas é fundamental para o equilibrio territorial e para o desenvolvemento do rural, porque axuda a fixar poboación e a achegar os ervizos. Ademais, en tempos de crise, a obra pública pode e debe actuar como un motor que incentive a actividade económica e que axude a manter ou crear emprego”, subliñou Tomé. “Sacando adiante proxectos, contratos e obras beneficiamos a todos



Xunta de goberno telemática.

os concellos e a todos os veciños e veciñas da provincia, independentemente da localidade na que residan, favorecendo o equilibrio territorial”, indicou o presidente.

En Sober, por exemplo, aprobouse a adxudicación do acondicionamento da estrada LU-P-5903, que une Sober con Doade. A Deputación arranxará preto dun quilómetro desta vía, entre o punto quilométrico 13 e o

13,740. Estes traballos teñen un orzamento de 97.385,75€, e un prazo de execución de 9 meses. Trátase dun dos tres tramos que unen Sober coa estrada autonómica de Monforte a Castro Caldelas pendentes de acondicionar, segundo explicou o presidente. Esta estrada ten relevancia social e económica, pois pasa pola parroquia de Amandi, e dá servizo á veciñanza e ás persoas que se achegan á zona.

Inmaculada Ramos nova directora do Hospital Público de Monforte

Sanidade da Xunta confirmou que a doutora Inmaculada Ramos foi elixida para facerse cargo da xerencia do distrito sanitario de Monforte. Inmaculada Ramos naceu en Newark, (Nova Jersey) na que vive unha nutrida colonia galega, pero criada en Quiroga. Despois de licenciarse en medicina especializouse en cirurxía xeral e do aparello dixestivo no Hospital Universitario Gregorio Marañón de Madrid.

Na consellería explican que entre os seus principais retos está consolidar no distrito sanitario de Monforte a integración asistencial entre atención primaria e hospitalaria. Desde hai uns me-

ses, a dirección do hospital de Monforte ten tamén entre as súas responsabilidades a coordinación dos servizos de atención primaria de toda a súa área de influencia, formada por once municipios das comarcas de Lemos, Chantada e Quiroga. A ela corresponderálle tamén a dirección do proceso en marcha de reforma integral do Hospital Público de Monforte, que xa está empezado e no que o Sergas prometeu investir máis de 15 millóns de euros.

Inmaculada Ramos “conta cunha ampla formación en xestión sanitaria, especialmente en implementación de novos proxectos e servizos asistenciais”, sosteñen en Sanidade.

Emma González nova xerente do Inorde



Emma González.

A directora adxunta de Expourense, Emma González, é a nova xerente do Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (Inorde). Esta foi a proposta trasladada pola presidencia do organismo provincial ao Consello Reitor, órgano que validou definitivamente o nomeamento, tal e como consta nas bases do procedemento de selección.

A candidatura de Emma González foi a mellor valorada entre o total de 14 que presentaron a súa candidatura para ocupar unha posto vacante desde a xu-

bilación hai case dous anos de José Manuel Rodríguez González logo de case dúas décadas no cargo.

A elección do novo xerente era unha prioridade para o presidente do Inorde, Rosendo Luis Fernández Fernández, dado que entre as súas funcións estará a xestión de proxectos con fondos europeos nun momento en que está prevista a chegada de varios millóns polo plan de recuperación pola Covid. A Deputación suprimiu a condición de que a persoa elixida para o cargo debía ser funcionaria.

A Deputación colabora co labor da Fundación Uxío Novoneyra

A Deputación de Lugo colabora co labor e o funcionamento da Fundación Uxío Novoneyra a través dun convenio de colaboración de 16.500 euros, que foi asinado polo presidente da institución provincial, José Tomé Roca, e o representante da Fundación, Uxío Novo Rey.

Concretamente, o convenio de colaboración entre as dúas entidades permitirá á Fundación Uxío Novoneyra reforzar o seu persoal, coa contratación de tres técnicos a media xornada, dada a situación sobrevida coa aplicación dos protocolos Covid de traballo nos museos, ao tempo que responderá á demanda de visitas guiadas da súa casa-museo.

Esta actuación está enmarcada dentro do marco de colaboración que a Deputación de Lugo man-



José Tome e Uxío Novo Rey.

tén coa Fundación para dinamizar a vida cultural na provincia, desenvolvendo pioneiros proxectos que poñer en valor o patrimonio literario, patrimonial e cultural co que conta a provincia.

A Fundación Uxío Novoneyra foi unha das entidades gañadoras na categoría Lugo Cambia ao Turismo Lucense organizados

pola Deputación de Lugo. O Consello Provincial de Turismo premiou a súa dedicación e traxectoria profesional como institución, o desenvolvemento de accións innovadoras en materia de creación de produtos turísticos, o impulso de accións innovadoras e tamén o férreo traballo en prol da calidade turística.

A Asociación de Familiares de Enfermos de Alzhéimer de Chantada recibe axuda da Deputación



José Tomé con Enrique Rojo.

O presidente da Deputación asinou un convenio de colaboración co responsable da Asociación de Familiares de Enfermos de Alzhéimer de Chantada, Enrique Rojo, para reforzar con 15.000 euros o apoio a este colectivo ás persoas afectadas por esta enfermidade no contexto da pandemia provocada pola Covid-19. Dita asociación conta con 9 traballadores e dá servizo a 150 usuarios e usuarias dos concellos de Chantada, Taboada e Carballedo. A diferenza doutras entidades e programas

destinados a persoas afectadas por esta enfermidade, este colectivo presta tamén servizo a domicilio. Un modelo asistencial que ofrece seguridade aos enfermos no contexto da crise sanitaria e que redundará na súa calidade de vida. Entre as atencións que reciben os doentes, a asociación tamén forma a través de novas tecnoloxías para complementar os coidados coa realización de actividades terapéuticas e ensinalos a acceder a diferentes recursos adaptados ao grao de desenvolvemento da enfermidade.

O albergue municipal da Pobra do Brollón recibe axuda da Deputación

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo achegará 115.000 euros para a creación do albergue municipal projectado polo Concello da Pobra do Brollón. A vicepresidenta Maite Ferreiro e o alcalde Xosé Lois Maceda asinaron o protocolo que formaliza o compromiso de financiamento de cara a posta en marcha das instalacións. O investimento dá pulo á iniciativa do goberno municipal que en outubro adquiriu o inmoble no que se creará o aloxamento, un edificio situado na Praza da Condesa que será restaurado e acondicionado para acoller ás peregrinas e peregrinos que opten polo Camiño de Inverno na súa ruta cara a Compostela.

Xosé Lois Maceda subliñou que “a creación do albergue consolidará a vila como punto de referencia para os peregrinos, o que suporá un reforzo para a economía local”. Ademais, apun-



Xosé Lois Maceda e Maite Ferreiro.

ta, “a restauración do edificio contribuirá a embelecer e revalorizar o casco histórico”.

A vicepresidenta Maite Ferreiro indicou que “a posta en marcha do albergue suporá unha mellora dos servizos cos que conta a ruta ao seu paso pola Ribeira Sacra, unha materia pendente na que compre avanzar para que a comarca se beneficie da dinamización económica, social e

cultural que xenera o Camiño”

O albergue situarase a escasos metros do paso pola vila do Camiño de Inverno, unha ruta a Compostela empregada nas peregrinacións invernales para evitar a dureza das cumes nevadas do Cebreiro. O itinerario, que atravesará a Ribeira Sacra tras entrar en Galicia pola comarca de Valdeorras, ten recoñecemento oficial desde abril de 2016.

PSdeG denuncia "simboloxía política" no reparto de material sanitario no CEIP San Xoán de Becerreá

O voceiro de Educación do Grupo Socialista, Luís Álvarez, vén de denunciar o reparto de máscaras con simboloxía dun partido político no CEIP San Xoán de Becerreá: “A actuación é grave e deplorable”. Fíxoo na Comisión de Educación do Parlamento, durante a presentación dunha pregunta ao goberno galego.

O responsable socialista trasladou este problema ao Parlamento galego logo de saber que “en datas recentes se ten producido o reparto dun material para a

prevención da COVID no CEIP San Xoán de Becerreá por parte do profesorado e que este inclúe simboloxía do partido político Galicia Sempre, que figura inscrito como tal no rexistro do Ministerio do Interior dende o 18 de marzo de 2019”.

“Non se trata dun reparto de material institucional, nin da Xunta de Galicia, nin da Consellería de Sanidade, nin da Deputación de Lugo, nin do Concello de Becerreá”, senón que “é material dun partido político”, unha situación que cualificou de “intolerable”.

Galicia

Redacción OURENSE

Alcalde e tenente alcalde de Ribadavia fixeron test da Covid de xeito irregular, segundo o PSdeG

O PSdeG-PSOE de Ribadavia urxe ao alcalde do Partido Popular, César Manuel Fernández, explicacións tralo acontecido durante o cribado masivo a pacientes citados para as probas COVID-19 o pasado 22 de xaneiro. Os socialistas esixen respostas, logo das informacións recibidas nas que se afirmaba que tanto o rexedor como o tenente de alcalde, Miguel García, aproveitaron a ocasión para facerse un test anticovid de xeito irregular ese mesmo día e sen que estiveran citados para facer a mesma.

O grupo municipal socialista,

no pleno celebrado en Ribadavia, cuestionou ó alcalde sobre esta cuestión, pero atopáronse coa negativa constante do rexedor a responder a esta pregunta. Os socialistas xa denunciaron que Fernández estaba a “caciquear” con listaxes de persoas para un cribado da Covid-19, “pasando revista” na porta do antigo colexio da Alameda onde foron citadas 750 persoas. Os socialistas recordan que esta listaxe só pode estar en mans de persoal sanitario e do Servizo Galego de Saúde (Sergas). Unha actuación que dende o PSOE consideran “reprobable” e sinalan que “causou in-

quedanza aos alí presentes”.

Os socialistas esixirán á Xunta de Galicia e a xerencia do Sergas, que de ser certas estas informacións relativas as probas indebidamente feitas polo alcalde e o tenente de alcalde, “se proceda a reprobar estes comportamentos, faltos de toda ética e que non se trate de restar importancia ou xustificar dita actuación”. Para o PSdeG de Ribadavia estes episodios, no caso de confirmarse, “terían un grave calado” e consideran que se o rexedor e o seu tenente de alcalde “aproveitaron a súa posición de cargos públicos para facerse a proba, saltándose o



Nas fotos do PSdeG o alcalde “pasando revista”.

protocolo deberían tomarse medidas por exemplaridade, xustiza e por respecto á veciñanza que están á espera de tan ansiada proba”.

Desde o PSdeG-PSOE de Ribadavia solicitan que “se teña en conta á poboación que falta por facerse as probas da Covid-19 e se volva a levar a cabo un cribado

á poboación restante, incluídos os alumnos/as, nenos e nenas dos colexios de Ribadavia, para demostrar a eficacia das medidas adoptadas no curso na prevención da COVID-19”. Os socialistas tamén trasladan o seu agradecemento “o traballo levado a cabo polas enfermeiras do Sergas e o GES de Ribadavia no operativo”.

O PSdeG de Ribadavia di que é moi grave que a vila continúe sen orzamentos

O PSdeG-PSOE de Ribadavia denuncia a “ausencia total” de traballo por parte do goberno municipal do Partido Popular e critica a “nula” eficiencia do alcalde César Fernández, ao que acusan de non preparar nin tan sequera un borrador dos orzamentos de 2021. Os socialistas lembran que levan insistindo desde maio, cando facilitaron e aprobaron os anteriores orzamentos, en pórse a traballar canto antes para elaborar os de 2021, pero a día de hoxe non hai ningunha traza de que iso vaia a ser así.

A situación “é crítica” en palabras do PSdeG de Ribadavia, que denuncia “o desleixo e o abandono municipal” que viven os veciños e veciñas da vila cun rexedor “máis preocupado de autopromocionarse e de venderse en redes sociais, que de conquistar investimentos para a vila”. O voceiro socialista, Ignacio Gómez destaca que “non pode ser que o alcalde non sexa capaz de presentar nin un borrador de orzamentos, nin de chamar a oposición para plantexarlle os mesmos, cando vemos que noutros concellos e institucións se aproban, incluso



Casa Consistorial de Ribadavia.

coa colaboración da oposición”.

Para Gómez esta situación é culpa da “falta total de xestión e planificación” dun alcalde do que afirma “non consegue nada nin da Xunta nin da Deputación de Ourense, a pesar de contar con gobernos da mesma cor política”. O socialista tamén apunta a que “é inadmisíble que un alcalde que forma parte do grupo de goberno da Deputación provincial que preside Manuel Baltar, non sexa quen de buscar investimentos

e melloras para o noso concello”.

Os socialistas poñen como exemplo da incapacidade as obras das beirarrúas de San Cristovo. Unha obra que foi acadada polo anterior equipo de goberno do PSOE e que contaba cun investimento de 600.000 euros. “Démoslle o traballo feito, todo conseguido e só o tiña que levar a práctica, pero case dous anos despois da súa toma de posesión, todo sigue totalmente paralizado”, denuncia o voceiro socialista.

O temporal destrizou o tellado do pavillón polideportivo de Castro Caldelas



O delegado coa alcaldesa, Sara Inés Vega.

O delegado territorial da Xunta en Ourense, Gabriel Alén, visitou o pavillón de deportes de Castro Caldelas vinculado ao CPI Virxe dos Remedios para interesarse polo estado das instalacións tralo paso das fronteiras climáticas adversas das últimas semanas.

Gabriel Alén percorreu o edificio acompañado de membros da corporación municipal e do deputado provincial de Cooperación e Seguimento do Plan de Mandato 72/73, Pablo Pérez, en representación da Deputación de Ourense. Esta construción, de propiedade municipal, serve de apoio didáctico ás actividades

deportivas e de lecer do centro educativo.

Deste xeito, o delegado territorial comprobou as desfeitas ocasionadas polos recentes temporais e comprometeuse a estudar fórmulas de cooperación con outras administracións, como a Deputación, para o arranxo dos danos e avarías producidas, e velar pola seguridade e total desfrute dos nenos e nenas que fan uso das instalacións deportivas.

O delegado lembrou que no ano 2019 a Secretaría Xeral para o Deporte investiu 30.000 euros na mellora do pavimento e na dotación de bancadas do pavillón municipal de Castro Caldelas.

A nova estación de buses de Ourense xa está funcionando

A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, salientou que a posta en servizo da nova estación de autobuses de Ourense “abre o tempo da intermodalidade en Galicia”, grazas a un investimento da Xunta de 9 millóns de euros. A conselleira supervisou o inicio da actividade dos servizos de transporte público por estrada desde a nova terminal de autobuses, onde aínda continuarán os traballos de execución do aparcadoiro subterráneo, de urbanización e de integración na contorna.

Ourense convértese hoxe, dixo, na primeira cidade galega na que os viaxeiros poden transbordar entre o autobús e o tren de forma directa, “en 30 segundos”, sen desprazarse pola urbe e “sen subir sequera unhas escaleiras mecánicas”, dispoñendo dunha “intermodalidade plena”, ao mesmo nivel e nun mesmo emprazamento, entre o ferrocarril e o autocar. Así, subliñou, “a de Ourense é a máis intermodal de todas as intermodais galegas”.

A nova estación de autobuses de Ourense, con máis de 7.300 m², 16 dársenas para autocares e un edificio de viaxeiros de máis



Continuarán os traballos do aparcadoiro subterráneo e de integración na contorna.

de 700 m², ponse en servizo coa previsión de albergar case 80.000 expedicións e 400.000 viaxeiros ao ano. Nas súas instalacións operará un total de 102 liñas de autobús autonómicas e outras 10 nacionais e internacionais.

Ethel Vázquez lembrou que a Xunta, o Concello de Ourense e o Goberno de España asinaron no ano 2016 un acordo de colaboración para impulsar conxuntamente “a mellor estación intermodal” para a cidade. A ese respecto, a conselleira puxo en valor o traballo da Administración autonómica por cumprir os seus compromisos coa cidade, coa execución da nova estación de autobuses integrada na terminal ferroviaria.

Ademais, destacou que o Go-

verno galego achega preto do 65% do financiamento do novo aparcadoiro que está a executar Adif, que porá máis de 300 prazas de estacionamento ao servizo do barrio da Ponte e que, a pesar do retraso se agarda que estea rematado en primavera.

Avanzou que en adiante continuarán os traballos da nova praza da estación que completarán a reordenación da zona e a instalación dunha fonte ornamental que resaltará o carácter termal da cidade de Ourense.

Todos estes elementos supoñen un investimento da Xunta de 9 millóns de euros na estación intermodal de Ourense, cofinanciada con fondos europeos do programa operativo Feder 2014-2020.

Preacordo de convenio para o persoal de Urbanos de Ourense



O servizo sigue facendose con normalidade.

Patronal e representantes dos 120 traballadores que conforman a plantilla de Urbanos de Ourense, alcanzaron un principio de acordo que podería callar na revisión do convenio colectivo desta empresa. Así o anunciou o Comité dos traballadores, matizando que aínda é preciso que devandito principio de acordo sexa referendado polos propios traballadores en asemblea. O preacordo asinou logo de 14 horas de negociacións, sinalan os representantes dos traballadores. Pero é posible que aínda tarde en chegar algo máis a resposta dos traballadores. As actuais restricións sanitarias a efectos da celebración da co-

rrespondente asemblea así como “a complexidade” do acordo, fan prever que “tardaremos uns días en dar unha resposta definitiva referendada polo persoal”, sinalan os representantes sindicais.

O servizo segue prestándose con total normalidade polo que aos traballadores respecta, sen que ademais fose preciso levantar a folga indefinida que estaría vixente de non ser porque a pandemia forzou xa o seu aprazamento. En relación ao preacordo, o único que se adianta do novo convenio é que abarcará tres anos, e que contempla varias táboas salariais e conceptos ata o de agora non incorporados ao mesmo.

Caballero reclama investimentos para Castro Caldelas



Gonzalo Caballero, secretario xeral do PSdeG, visitou Castro Caldelas onde se reuniu coa súa alcaldesa, a socialista Sara Inés Vega Núñez. Tratába, con ese encontro, de coñecer as necesidades da localidade. Caballero destacou o seu compromiso

con este municipio da Ribeira Sacra. O líder socialista urxiu o acondicionamento do centro de saúde, “así como a posta en marcha dun plan de mellora dous camiños complementaria á concentración parcelaria e avanzar non estudo do proxecto termal”.

Cultura repara a cuberta da Casa da Cultura de Xinzo

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade investiu preto de 24.000 euros na reparación da cuberta da Casa da Cultura de Xinzo de Limia. Desta orde resultaron beneficiados 8 concellos da provincia: Pereiro de Aguiar, O Barco de Valdeorras, Viana do Bolo, Cualedro, Vereia, A Pobra de Trives, San Xoán de Río e Xinzo de Limia, cun investimento total de 108.288 euros.

O delegado territorial puxo en valor as actuacións desenvolvidas na cuberta do edificio, “as casas da cultura son centros dinamizadores da vida cultural e social dos pobos, que involu-

cran a toda cidadanía”; por iso, -continuou- debemos telas sempre nas mellores condicións, para que os veciños e veciñas disfruten do seus servizos e participen das súas actividades”.

Gabriel Alén explicou que se trataba dunha obra necesaria polo estado no que se atopaba o tellado que filtraba auga por unha serie de goteiras que poderían causar danos nas instalacións do interior do edificio. Deste xeito, procedeuse á colocación de chapa “sándwich”, impermeabilizouse a terraza, ampliouse o corpo de chegada do ascensor e substituíronse os caleiros.

Jácome quiere conseguir unha mini-cidade administrativa

O alcalde de Ourense, Gonzalo Pérez Jácome, foi recibido polo delegado territorial da Xunta en Ourense, Gabriel Alén Castro, para tratar unha axenda de temas importantes para as dúas administracións. No encontro, cualificado de absolutamente cordial polo rexedor, abordáronse unha ducia de asuntos, entre eles a ampliación do Complexo Hospitalario, xa en marcha.

A xuntanza, solicitada desde o Concello de Ourense, serviu tamén para abordar “tres inque-danzas que debemos responder con prontitude”, en palabras de Pérez Jácome. A primeira, unha demanda de solo para a construción dunha “mini-cidade administrativa”. O alcalde búscalle



Gonzalo Pérez Jácome e Gabriel Alén Castro.

unha saída ás demandas de tres administracións no referente ao espazo na cidade: os 14.000 m2 para as dependencias administrativas da Xunta de Galicia; os 5.500 m2 da Confederación Hidrográfica Miño-Sil; e os 9.000 m2 que precisaría o Concello de Ourense para unificar todas as

súas dependencias.

Ademais, tamén se puxo sobre a mesa o Centro de Intelixencia Artificial que promove o goberno municipal -ao que se unirán nas vindeiras datas 25 novos traballadores-, para o que Gonzalo Pérez Jácome busca apoio económico por parte do goberno galego e novos proxectos nos que traballar en conxunto.

O último dos grandes temas foi unha nova cualificación de terreos na zona do antigo matoiro, onde o Concello quiere construír un parque acuático termal operativo todo o ano.

Pérez Jácome e Alén Castro comprometéronse a seguir este contacto fluído entre administracións e traballar a prol da cidade e provincia.

Cidadáns pide que se declare tráfuga a unha deputada

Cidadáns pedirá a declaración da deputada provincial Montserrat Lama como tráfuga e que aplíqueselle “de forma contundente e rotunda o Pacto Antitransfuguismo”, sinalou a coordinadora de Cidadáns en Galicia, Beatriz Piñeiro. Piñeiro asegurou que a súa formación dirixirá un burofax ao titular da Deputación de Ourense, José Manuel Baltar, en tal sentido, á vez que pedíndolle que non se apoie en Lama Nova para soste a súa maioría de goberno.

Montse Lama anunciou días antes o seu abandono do grupo de Cidadáns na Deputación ourensá, o mesmo que faría no Concello de Xinzo de Limia. En ambas as cámaras Cidadáns que-

da sen representación ao ser a única deputada e concelleira coa que ata o de agora contaba a formación laranxa. Posteriormente Montse Lama expresaba o seu “total acordo para cooperar e dar estabilidade ao goberno provincial” tras reunirse co presidente Baltar e co portavoz do grupo do PP, Plácido Álvarez.

A coordinadora de Cidadáns en Galicia pide que “ningún dos partidos asinantes do Pacto Antitransfuguismo deamos cobertura a estas persoas. Que se prohiba que esta persoa asuma funcións máis aló das que tiña antes de ser transfuga”. E que o PP de Galicia “pronúnciese de forma rotunda respecto ao apoio da deputada ao presidente da Deputación de Ourense”.

Equipo de excarceración para o Servizo de Bombeiros de Ourense

O servizo de Bombeiros do Concello de Ourense conta cun novo equipo de excarceración de altas prestacións. O concelleiro de Seguridade Cidadá, Armando Ojea, e o xefe do servizo de Bombeiros, José Benito Álvarez, asistiron á entrega da nova unidade, subministrada pola empresa Incipresa, que supuxo un investimento de 75.533,05 euros por parte do Concello. O equipo incorpora as máis modernas prestacións do sector, que permitirán reforzar a seguridade, axilidade e eficiencia nas intervencións de rescate que realizada o corpo de bombeiros, ao tratarse dunha ferramenta que destaca por ser moi compacta, lixeira e potente.

Trátase dun equipo de rescate hidráulico da marca Holmatro composto por unha bomba a motor, unha bomba manual, tres mangueras hidráulicas, dúas cizallas hidráulicas, un separador hidráulico, dous cilindros telescópico, un soporte para cilindro, un conxunto de puntais en “V”, un conxunto de bloques e cuñas,



A presentación fíxose na Praza Maior da cidade das Burgas.

elementos protectores e ferramenta de serrado.

José Benito Álvarez, destacou a incorporación deste equipo de altas prestacións, pois era “moi necesario”, destacando que é unha unidade “máis lixeira e con moitísima máis potencia de corte e de separación”, unhas características que, ao seu xuízo, “fan máis segura a intervención” dos bombeiros. Esta adquisición dá resposta á necesidade de dispoñer de equipos adaptados á evolución

do sector dos vehículos “que utilizan materiais cada vez máis lixeiros e resistentes, polo que fan falla ferramentas con moita máis forza para poder cortar”.

A próxima incorporación ao parque será a dun equipo de busca e de rescate, pensado para intervencións en estruturas colapsadas, e dotado con microcámaras óptica e térmica e sensores de movemento. A subministración está aprobada e o equipo será recibido próximamente no corpo de bombeiros.

A Xunta entrega material para mellorar a capacidade de resposta fronte ás nevaradas



O material vai para oito concellos da provincia ourensá.

A Xunta entregou espesalladores de sal ás Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil (AVPC) de Baños de Molgas, Barbadás, Cortegada, Maceda, Muíños, Petín, A Pobra de Trives e Xunqueira de Ambía, que resultaron beneficiarios da orde de axudas do Goberno galego para equipamentos de emerxencias, dotada con 932.400 euros.

Os concellos adxudicatarios están incluídos no Plan Nega (Plan de Nevaradas de Galicia) que teñen unha altitude media

por enriba dos 500 m. e resultan ser os máis castigados por xeadas e nevadas, o que fai moi necesario este material para manter a viabilidade nas vías de comunicación de titularidade municipal.

O material de emerxencias cedido aos concellos inclúe, ademais das 37 tendas de campaña para emerxencias, 12 remolques, 8 vehículos todo terreo tipo pick-up, 4 UTV (Utility Task Vehicle), 12 coitelas para retirada de neve, 12 espesalladores de sal e 4 embarcacións pneumáticas de salvamento e rescate.

A igrexa de Santo Estevo de Ribas de Miño en obras

A Xunta de Galicia está a destinar 3 millóns de euros para poñer en valor bens patrimoniais dos concellos de Lugo incluídos na pasaixe cultural da Ribeira Sacra. Así o expuxo o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, Román Rodríguez, nunha visita as obras da igrexa de Santo Estevo de Ribas de Miño (O Saviñao), nas que o Goberno galego está invistindo máis de 300.000€.

O titular de Cultura, que estivo acompañado polo alcalde de Escarón, Juan Carlos Armesto, e o delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, subliñou a importancia do investimento para a Ribeira Sacra comprometido neste exercicio, o ano da súa posible declaración como Patrimonio da Humanidade pola Unesco. Trátase dun esforzo orzamentario que, tal e como indicou, reflíctese nun incremento do 19% nos fondos dedicados a conservación de bens patrimoniais. “O patrimonio cultural simboliza o noso pasado e debemos impulsar a súa recuperación para non esquecer de onde vimos e encarar o noso futuro”, afirmou.

Neste sentido, salientou que a Ribeira Sacra representa “o mellor do noso patrimonio cultural e artístico, polo que é importante que continuemos traballando na súa conservación para que siga sendo un legado vivo e unha fonte de orgullo para todos os galegos”. No caso concreto da igrexa de Santo Estevo de Ribas de Miño, a intervención impulsada pola Xunta de Galicia, e financiada con fondos FEDER, está permitindo mellorar as condicións de conservación e mantemento deste monumento recoñecido como Ben de Interese Cultural (BIC) coa categoría de monumento desde 1931.

Así, o proxecto en marcha céntrase nas condicións de conservación e mantemento dos paramentos exteriores da fábrica, reparando gretas e fisuras, así como na mellora das condicións de ventilación da igrexa e elementos escultóricos do exterior do templo. Concretamente, os técnicos están restaurando a cuberta da nave e ábsida substituíndo as tellas de cerámica, a estrutura de madeira e as fiestras existentes por outras que per-

mitan a ventilación continua. Así mesmo, restáuranse os elementos deteriorados das portas principais e laterais da igrexa e redáctanse os proxectos de restauración dos elementos escultóricos da portada, ocos románicos e cornixas. Para poder realizar estes traballos, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade asinou un convenio de colaboración coa Diocese de Lugo.

Elemento emblemático

A igrexa de Santo Estevo de Ribas de Miño é un dos bens máis emblemáticos da Ribeira Sacra. O seu interior, datado a finais do século XII, é similar ao da veciña San Paio de Diomondi e conta cunha soa nave dividida en catro tramos e con teitume a dúas augas de madeira. Como no caso de Diomondi, esta cuberta apóiase sobre grandes arcos transversais oxivais de posible orixe posterior á fábrica principal da igrexa, claramente románica.

Ademais, conta cunha fachada principal dividida en dúas partes por un gran tornachoivas de arquiños semicirculares peraltados, apoiados en canzorros decorados con floróns cuadrangulares incli-



Os traballos estarán rematados en verán.

nados. O cenobio, pola súa parte, está dedicado a santo Estevo, un dos primeiros diáconos da Igrexa que, xunto aos apóstolos, comezaron a evanxelización.

Quince intervencións

O investimento feito neste templo forma parte dos 3 millóns de euros que o Goberno galego destina a restaurar, conservar e poñer en valor bens patrimoniais en seis concellos lucenses da Ribeira Sacra desde o inicio da candidatura. Neste sentido, Román Rodríguez precisou que desde o ano 2107 executáronse melloras

en preto dunha quincena de bens da provincia de Lugo como as igrexas de Santa María de Nogueira de Miño e Santa María de Pesqueiras, en Chantada; o colexio do Cardeal, a igrexa de San Vicenzo do Pino e o convento das Clarisas, en Monforte de Lemos; o Pazo de Diomondi, en O Saviñao; no mosteiro de Santa María de Ferreira de Pantón e nas igrexas de Santo Estevo de Atán e de Pombeiro, en Pantón; na igrexa de San Xoán, de Portomarín, ou nas igrexas de San Vicenzo de Pinol e San Xiao de Lobios, en Sober.

A Xunta adxudica reformas no Hospital de Monforte

O conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, anunciou, na súa visita ao Hospital de Monforte, que a Xunta de Galicia vén de adxudicar, por un importe de 1,4 millóns de euros, e un tempo estimado de seis meses, a reforma do hospital de día oncohematolóxico e do hospital de día polivalente, así como a ampliación da área de farmacia do Hospital Público de Monforte. Fixo este anuncio no acto de presentación, aos profesionais sanitarios de Inmaculada Ramos, como nova directora do distrito sanitario de Monforte, de quen o conselleiro destacou a súa dilatada experiencia profesional en diferentes hospitais públicos. No acto estiveron presentes, así

mesmo, o delegado territorial da Xunta, Javier Arias Fluz, e o xerente da área sanitaria, Ramón Ares Rico.

O conselleiro destacou que a nova xerente ten por diante un dobre reto. Por un lado, continuar consolidando a integración asistencial entre a atención primaria e a hospitalaria, e, por outro, dirixir o proceso da reforma integral do edificio. Así mesmo, o conselleiro agradeceu ao antigo xerente, Iván Sanz, o labor desenvolvido nestes máis de tres anos.

Con este novo paso, -dixo García Comesaña-, o hospital de día oncológico e o hospital de día polivalente, que pasarán a situarse no segundo andar do centro, verán ampliada a súa superficie dos 160 metros cadrados actuais

aos 337. Ademais dos servizos complementarios albergarán, entre os dous, 14 postos de tratamento, 3 locais de illados e 3 consultas médicas.

Pola súa banda, o servizo de farmacia tamén verán aumentadas as súas dimensións, chegando a ocupar un espazo de ao redor duns 255 metros cadrados.

A obra levarase a cabo sen que a actividade do centro se deteña, e garantindo que ningún paciente teña que desprazarse a outro hospital.

Reforma integral

O conselleiro destacou que estas obras non son unha actuación illada, senón que se inclúen nunha iniciativa maior e global, que é a renovación integral do Hospital Público de Monforte, e que per-



O conselleiro de Sanidade presentou á nova xerente do Hospital.

mitirá reordenar, reformar e modernizar uns 10.000 metros cadrados, e que abarca á maioría dos servizos e áreas.

O máximo responsable sanitario galego remarcou que os seguintes pasos serán a licitación do equipamento electromédico, precisamente de farmacia, para o que se prevé un investimento de preto de 200.000 euros; e o inicio da reforma das áreas de hospitalización.

O conselleiro sinalou que, todas estas reformas, enmárcanse dentro da aposta do Goberno galego polos hospitais comarcais, dando así unha mellor cobertura sanitaria ás súas áreas de referencia. Deste xeito, nos últimos 11 anos, a Xunta leva actuado en todos os hospitais comarcais da rede do Sergas, sendo o investimento total de todas estas iniciativas de mellora de máis de 32 millóns de euros.

A memoria do país pide a retirada da cruz falanxista de Celanova

O Comité de Memoria Histórica da Comarca de Celanova promove nun manifesto a eliminación do monumento fascista da cruz dos caídos levantada en 1939 por falanxistas no Outeiro da Obra, en Celanova. O Comité advirte que este símbolo é unha exaltación pública e visíbel do golpe de Estado de 1936 contra a legalidade republicana, a guerra e a represión política durante a ditadura franquista, polo que está afectado pola Lei estatal de Memoria Histórica, e pedirá a súa retirada polo órgano competente que sinala a mesma lei, o Concello de Celanova.

O manifesto que se fixo público o pasado 16 de febreiro -coincidindo coa data das últimas eleccións da Segunda República- está apoiado pola práctica totalidade das entidades de memoria histórica da Galicia así como por outros colectivos que traballan neste ámbito, e inclúe asociacións de Asturias, Castela e León, Madrid e Euskadi. Entre os asinantes do manifestos figuran dous ex presidentes da Real Academia Galega, Xosé Luís Méndez Ferrín e Xesús Alonso Montero; os fillos de figuras

destacadas do republicanismo e o galeguismo na República e na posguerra, como Francisco Xabier e Luís, fillos de Celso Emilio Ferreiro; Víctor, fillo de Pepe Velo, que prestou o seu apoio desde Brasil; e, desde México, Luís Soto, fillo de Luís Soto, que acompañou a Castela na xira diplomática en defensa da República durante a guerra.

Premios Celanova e historiadores

Entre as máis de dúascentas adhesións recibidas desde principio de mes están cinco personalidades distinguidas co Premio Celanova Casa dos Poetas (o escritor Manuel Rivas e os actores Luís Tosar e Isabel Blanco, ademais de Ferrín e Alonso Montero) e os principais historiadores da memoria histórica e investigadores das tres universidades do país. Entre eles, Aurora Marco, Bernardo Máiz, Dionísio Pereira, Xosé Manuel Núñez Seixas (coordinador da comisión no Parlamento galego sobre a recuperación do Pazo de Meirás), Lourenzo Fernández Prieto, Uxío Breogán Diéguez, os autores de “Meirás, un caudillo, un pazo, un espolio”, Carlos Babío e Manuel Pérez, que serviu de base documental

para a demanda do Estado por Meirás, Antón Mascato, Eliseo Fernández e Carlos Méixome.

Para o Comité “é unha honra contar coa adhesión e os consellos de activistas incansábeis na loita pola memoria das vítimas como Manuel Monge e Telmo Comesaña, e no ámbito máis próximo Carlos Morais e David Simón”.

Intelectuais

O manifesto tamén está asinado por intelectuais: María Xosé Queizán, Ramón López Suevos, Margarita Ledo e Nemesio Barxa, entre outros; xunto a personalidades principais da cultura como as poetas Eva Veiga e Yolanda Castaño, as escritoras Leticia Costas, Marga do Val, Ramón Caride e Antón Riveiro Coello, entre outras; a cantante Carme Penim e o pianista Maurizio Polsinelli, o escultor Caxigueiro e o deseñador Xosé Vizoso, autor do Mural do Furriolo, que se comprometeu a restaurar coa axuda do Comité.

Ademais, entre as 219 sinaturas iniciais do manifesto, están as de Anxo Angueira, actual presidente da Fundación Rosalía, e de Xilberte Manso, vicerreitor do Instituto de Estudos Miñorans, ambos mestres no Instituto de Celanova.



Cruz falanxista no Monte da Obra, Celanova.

Polo seu labor de recuperación da memoria histórica ourensá, o Comité agradece especialmente apoios do profesor Xosé Manuel Cid e de historiadores e investigadores Ricardo Gurriarán Rodríguez, Xerardo Dasairas e Edelmiro Martínez Cerredelo, entre outros.

Novas adhesións

No manifesto que agora se presenta para recoller novas adhesións, singularmente entre a veciñanza de Celanova e da Comarca de Celanova, o Comité indica que “o Concello debe cumprir a lei como primeiro paso no recoñecemento da dignidade das vítimas do franquismo e co horizonte de satisfacer os principios de verdade, xustiza e reparación que impulsan o labor dos colectivos memorialísticos ao abeiro das Nacións Unidas”. Convida ás veciñas e veciños de toda a comarca “a levantar o manto de silencio que tapa as biografías de

todas aquelas persoas que desde o seu desempeño profesional, vital e político promoveron os valores republicanos antes de 1936 e que foron represaliados polos golpistas e o poder ilegal que se instaurou no Estado durante as catro décadas seguintes”.

Por último, desde o texto, os adherentes e o Comité alentan o debate democrático que xurdirá após da “eliminación do símbolo fascista que alimentou o medo durante máis de oitenta anos” como “unha oportunidade para dialogar co pasado, sobre todo con ese pasado que se nos negou: o das vítimas, como eses 7 últimos presos fusilados pola Bandeira de Falange de Marruecos en setembro do 39, e cos legados de personalidades como Luís Soto, Pepe Velo, Celso Emilio e Xulio González (mestre executado en Vereá), entre outros e outras que foron borradas da historia”.

As rutas en catamarán pola Ribeira Sacra comezan en marzo

A xunta de goberno da Deputación aprobou o encargo á empresa pública Tragsa da prestación deste servizo turístico para o 2021, con posibilidade de prorrogar nas anualidades 2022 e 2023, e garantir así a estabilidade deste dinamizador económico. O importe económico anual é de 686.000€. As rutas polo Canón do Sil e Cabo do Mundo funcionarán ata finais de ano, sempre adaptándose e cumprindo coas medidas de pre-

vención da Covid-19 que vaian adoptando en cada momento as autoridades sanitarias, tal e como xa ocorreu o pasado ano, no que, a pesar das limitacións de aforo, recibiron 21.000 viaxeiros. “Volvemos a apostar por este servizo turístico público e de calidade porque contribúe de maneira directa e moi importante a dinamizar a economía da Ribeira Sacra axudando á hostalería, ao turismo e ao comercio cando máis o necesitan debido a crise deri-

vada das restricións sanitarias”, subliñou a voceira provincial do goberno.

“Favorece a proxección da Ribeira Sacra no ano no que aspira a ser recoñecida a Patrimonio Mundial e supón unha maneira eficaz de promocionar o noso territorio a través do turismo nun momento no que o visitante busca alternativas ao aire libre, en plena natureza e seguras coma esta”, explicou Pilar García Porto.



Pilar García Porto, voceira da Deputación de Lugo.